

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 3816/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos

Asunto do Expediente: PROCESO SELECTIVO PERSOAL DOCENTE E DIRECTIVO PROS.
FORMAC-EMPREGO XUVENTUDE II - MESTRE XARDINERIA 2026

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Por Resolución de alcaldía de data 31/07/2026 aprobouse a convocatoria e as bases para a selección do equipo docente e directivo do Programa de Formación-Emprego Talento Mozo "XUVENTUDE II".

O anuncio de convocatoria deste proceso selectivo publicouse no BOP da Coruña nº 149 do 07/08/2026, e as correspondentes bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello www.boiro.gal e no taboleiro correspondente do SEPE.

O 14/08/2026 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, presentándose unha solicitude.

Revisada a solicitude presentada e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a seguinte relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Vista a proposta de resolución PR/2026/1993 de 19 de agosto de 2026.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo destinado á selección dun mestre para a especialidade de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes AGAO208 para o Programa de Formación-Emprego Talento Mozo "XUVENTUDE II", que é a seguinte:

Relación provisional de persoas admitidas:

NOME	CELGA IV	AUTOBAREMO
EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ	EXENTO/A	SI

Relación provisional de persoas excluídas:

Non hai persoas excluídas neste proceso, ao terse presentado unha única solicitude que reúne os requisitos.

DECRETO
Número: 2026-1165 Data: 19/08/2026

Cod. Validación: 4KWSNGK3T7WDE5N5P4TADQWC
Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Segundo.- Ordenar a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web www.boiro.gal, establecendo que o prazo para presentar alegacións ou emendar erros será de 2 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución nestes medios.

Durante dito prazo, as persoas interesadas que non consten na relación provisional e que presentasen debidamente solicitude poderán formular alegacións ou reclamar a emenda de defectos.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deban presentar tras superar o proceso se deduza que carecen dalgún requisito, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivarse da súa participación.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-1165 Data: 19/08/2026

Cod. Validación: 4KWSNGK3T7WDE5NSP4TADQWC
Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

